

COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de outubro de 2019**

Na sala de xuntas do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 17.00 horas do día 17 de outubro de 2019, reúnese a comisión informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Luz Doporto Real (do Grupo Popular).

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Margarita Pérez Fernández

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Elvira Lama Fernández

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Novoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D. José Mosquera Casero

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 19 DE SETEMBRO DE 2019.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de setembro de 2019.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 19 de setembro de 2019, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA AO DESABASTECIMIENTO E POSIBILIDADE DE PECHE DE FARMACIAS EN OURENSE E ÁS ACTUACIÓNS QUE CÓMPRE DEMANDAR PARA GARANTIR UN SERVIZO BÁSICO PARA A VECIÑANZA

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, expón o contido da moción.

D.ª Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, indica que está completamente de acordo coa formulación da moción e que o seu grupo votará a favor dela.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana, indica que concordan co fondo da moción, se ben van conseguir máis información e reserva o seu voto para a sesión plenaria.

D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, indica que o seu grupo igualmente reserva o voto para o Pleno.

A **presidenta da comisión** indica que o Grupo Popular quere lembrar o apoio que desde a Deputación se lle está dando ao Colexio de Farmacéuticos, a sensibilidade que o grupo de goberno está demostrando co problema do reto demográfico e que en todo caso estudarán con detemento a moción para pronunciarse na sesión plenaria.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), e a abstención do Grupo Popular (5), do Grupo Socialista (3) e de Democracia Ourensana (1), a comisión informativa ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instarlle á Consellería de Sanidade a revisar o mapa farmacéutico de Ourense, tendo en conta as proxeccións de poboación do Instituto Galego de Estatística e as crecentes necesidades da veciñanza e a tomar medidas para garantir o abastecemento de medicación reformando a Lei de ordenación farmacéutica de Galiza para blindar unha rede suficiente de farmacias para atender o territorio.

2º.- Instar ao Ministerio de Sanidade a avaliar antes do final de 2019 o funcionamento en Galiza das medidas recollidas no Plan de Garantías de Abastecemento de Medicamentos 2019-2020 e elevar, se é preciso, as contías das sancións.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- O Sr. secretario da comisión explica que a moción que se inclúe como asunto de urxencia, se ben non foi incluída na orde do día, si foi presentada en tempo e forma polo grupo provincial de Ciudadanos, pero debido a un erro no circuíto da súa tramitación desde que foi presentada no Rexistro, non se tivo coñecemento en Secretaría dela ata despois de convocada a sesión, polo que a non inclusión na orde do día non é imputable ao grupo propoñente.

Trala unánime declaración da urxencia tratouse o seguinte asunto:

3º.A.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DE CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA PRESENTOU UNHA MOCIÓN PARA REACTIVACIÓN DO PRIMEIRO PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES (I PIOMH 20117-2021) E POSTA EN MARCHA DUNHA ESCOLA INFANTIL PARA FACILITAR A CONCILIACIÓN DO PERSOAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, expón o contido da moción.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, indica que concorda co espírito da moción, se ben a estudará a fondo e reserva o seu voto para a sesión plenaria.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana, indica que reservan o voto para a sesión plenaria.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, indica que a Comisión de Igualdade prevista no Plan de Igualdade da Deputación naceu coa participación unicamente do grupo de goberno e que lles gustaría propoñer que todos os grupos provinciais poidan participar nela. Engade que estudarán con detalle a moción polo que reservan o voto para a sesión plenaria.

A **presidenta da comisión** indica que o seu grupo igualmente reserva o voto para a sesión plenaria, se ben quere realizar xa unha serie de matizacións do contido da moción. En primeiro lugar indica que o Plan de Igualdade da Deputación para o período 2017-2021 non está paralizado. Lembra que o que houbo foi un cambio na Corporación Provincial con cambios nas delegacións dos deputados e incluso houbo cambios no propio grupo político.

Indica que desde setembro por ela mesma, que asumiu moitas das competencias en materia de igualdade, xa se están facendo actuacións previstas no Plan de Igualdade. De feito, indica que en semanas pasadas se lanzou un contrato para unha asistencia técnica en materia de igualdade, dada a ausencia de postos na RPT que teñan esta función. Indica que a Comisión de Igualdade será precisamente convocada cando se adxudique o dito contrato.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, indica que discrepa con algunha das matizacións realizadas e que non é xustificable a paralización do Plan de Igualdade polos cambios na Corporación. Engade que moitas das actuacións previstas no plan para o ano 2019 aínda non se executaron e que se encontra, a día de hoxe, paralizado.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, pregunta que empresa era a que no mandato anterior prestou o servizo de asistencia en materia de igualdade.

A **presidenta da comisión** contesta que foi a mercantil Urbikos SL. Indica que ela mesma repasou todas as actas redactadas en reunións da Comisión de Igualdade, a última de data 29 de xaneiro de 2019 e que aínda está pendente por parte da empresa achegar o informe de avaliación do Plan de Igualdade do ano anterior, do que se presentou un borrador pero non o texto definitivo. Ademais indica que nos últimos meses se produciron cambios lexislativos que poden supoñer a obrigaón de cambiar algúns protocolos consensuados na Comisión de Igualdade.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, manifesta descoñecer que os grupos non formaban parte da dita Comisión de Igualdade prevista no Plan de Igualdade e que se suma á petición do Grupo Socialista no sentido de que participen todos os grupos.

A **presidenta da comisión** toma nota das peticións, pero lembra que este tipo de grupos de traballo ou comisións de seguimento soen ter un carácter predominantemente técnico, incluso poderán constituírse sen a existencia de cargos políticos, pero que en todo caso se valorará a petición.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, indica que cando ela abandonou a anterior corporación toda a documentación relativa ao Plan de Igualdade estaba entregada, polo que solicita que se revise a existencia do informe de avaliación aludido.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, incide en que as achegas dos grupos nun tema tan sensible coo a igualdade se realizarán sempre con ánimo construtivo e reitera a súa petición de participación dos grupos na dita comisión ou grupo de traballo.

A **presidenta da comisión** volve manifestar que no dito grupo de traballo ou comisión, ademais dos funcionarios e laborais da Deputación de Ourense tamén teñen presenza as organizacións sindicais, que os grupos políticos en todo caso poden facer achegas por outras canles, xa que o Plan de Igualdade está publicado e a disposición de todos os interesados.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e a abstención do Grupo Popular (5), do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Nomear unha nova presidencia da comisión, a cal achegue os valores, coñecementos e compromisos necesarios para seguir acadando resultados.

2º.- Convocar a Comisión de Igualdade e que se axilicen, no menor tempo posible, todos aqueles compromisos que están se cumprir ata o día de hoxe.

3º.- Crear unha escola infantil nas instalacións da institución, trala autorización previa por parte da Consellería de Política Social, para facilitar a conciliación familiar do persoal da Deputación Provincial de Ourense.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A **presidenta da comisión** procede a dar resposta a unha pregunta formulada na anterior sesión por dona Elvira Lama, relativa aos datos estatísticos do programa Chegou. Indica que a data 1 de outubro de 2019 se presentaron 917 solicitudes, das cales foron concedidas 871, 29 denegadas e 17 en tramitación. Indica que agora mesmo non hai indicadores por concellos, se ben estes serán achegados proximamente.

E, ás 17.30 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

